



ASUNTO: Reorganización do cadro de persoal do Pazo de Mariñán e transformación de postos de traballo no novo marco de servizos á cidadanía.

EXPEDIENTE: 2025000013173

Esta medida enmarcase dentro da continuación da posta en valor do Pazo de Mariñán, no novo marco de servizos á cidadanía. Nos últimos anos o pazo experimentou unha transformación que o consolidou como un polo técnico e cultural de referencia, non só a nivel local e provincial, senón tamén autonómico, estatal e internacional. Este proceso de reconversión situou ao Pazo como un epicentro de actividades culturais e eventos de gran relevancia, que abranguen desde o intercambio artístico e cultural ata o desenvolvemento de encontros técnicos e profesionais en diversos sectores.

A evolución do Pazo de Mariñán como centro de desenvolvemento cultural e técnico responde á aposta decidida da Deputación da Coruña por revitalizar e poñer en valor o patrimonio histórico-artístico da provincia. Espazos emblemáticos como o Pazo convertéronse en motores para a creación e difusión cultural e técnica. O Pazo foi adaptado para acoller unha ampla variedade de eventos, que inclúen talleres de arte, concertos, conferencias, congresos, seminarios e encontros técnicos.

Unha das características principais desta nova etapa é a capacidade do Pazo para actuar como punto de encontro e intercambio entre diferentes culturas, disciplinas e profesionais. O espazo acolle regularmente eventos nacionais e internacionais, favorecendo o diálogo intercultural e a colaboración entre artistas, intelectuais e expertos de diversos ámbitos. Este enfoque multidisciplinar converteu o Pazo nun lugar dinámico, onde as artes, a ciencia e a tecnoloxía se combinan para crear novas oportunidades de desenvolvemento.

A programación cultural do Pazo de Mariñán inclúe eventos de carácter local, rexional e proxectos que atraen visitantes e participantes de fóra de Galicia, contribuíndo ao seu posicionamento como referente no panorama cultural español. A súa localización privilexiada, xunto coa beleza arquitectónica e natural que o rodea, fan deste espazo un lugar idóneo para o desenvolvemento de actividades de especial relevancia histórica e cultural.

Ademais de ser un espazo de exhibición, o Pazo tamén se converteu nun laboratorio de ideas e innovación. Aquí acóllense residencias artísticas, talleres e encontros técnicos que permiten aos participantes desenvolver proxectos conxuntos e intercambiar coñecementos nun ambiente propicio para a creatividade e o traballo colaborativo.



Relacións Públicas e Protocolo

Esta nova vocación do Pazo de Mariñán como polo cultural e técnico está baseada na creación de sinerxías con outras institucións culturais, tanto a nivel nacional como internacional. A colaboración con universidades, museos, centros de investigación e outras entidades culturais enriquecerá a oferta e promoverá intercambios de alto nivel entre profesionais e expertos.

Así mesmo, a Deputación da Coruña aposta polo desenvolvemento de actividades técnicas no Pazo, acollendo congresos e encontros sectoriais que fortalecen o tecido empresarial e profesional da provincia. Neste sentido, o Pazo converteuse nun espazo onde os profesionais de diferentes disciplinas poden reunirse para debater e explorar solucións aos retos que enfrontan nas súas respectivas áreas de traballo.

Co fin de acompañar esta transformación, é necesario a levar a cabo unha reestruturación orgánica e funcional do cadro de persoal do Pazo. O obxectivo é unificar a excelencia na atención ás persoas asistentes cos altos estándares arquitectónicos e paisaxísticos que o espazo ofrece.

Neste contexto, o actual goberno provincial xa actuou de urxencia cunha primeira modificación da Relación de Postos de Traballo para o ano 2024, creando unha praza de xefatura de cociña.

Tendo en conta o antedito, obsérvase a necesidade de reorganizar o cadro de persoal do Pazo.

Na actualidade, hai en plantilla unha dotación de 4 camareiras, 2 na quenda de mañá e 2 na quenda de tarde. Destácase aquí que non se fai unha diferenza entre a función dunha camareira de piso ou de sala, debendo asumir ambas funcións, algo insólito en calquera relación de postos de traballo. O servizo de limpeza encóntrase reforzado con 2 persoas dunha empresa externa, 1 en cada quenda, pero tendo en conta que o Pazo ten case 5.000 m², con un residencia de 32 habitacións con baño incorporado, salas múltiples, aseos de uso do público en xeral, unha enorme cantidade de obras de arte, mobiliario antigo así como alfombras de gran valor, esta dotación de persoal e insuficiente para atender o reto que supón manter en condicións axeitadas de limpeza o espazo sen ocupación externa, reto que se multiplica cando temos en conta a cantidade de visitas e actividades programadas ao longo do ano.

As funcións descritas na RPT do servizo de camareiros/as son as seguintes:

- Preparar as mesas e servir alimentos e bebidas aos usuarios. (Sala)
- Preparar e servir pratos especiais nas mesas segundo o solicitado. (Sala)
- Limpar e arranxar as habitacións, aseos e zonas comúns, seguindo as instrucións e prioridades establecidas. (Piso)
- Preparar e manter en bo estado a área de traballo, os equipos e utensilios para ofrecer un servizo de calidade. (Sala - Piso)
- Recoller as instalación unha vez que os usuarios se teñan ido. (Sala – Piso)

**Deputación
DA CORUÑA****Relacións Públicas e Protocolo**

- Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia. (Sala – Piso). Debemos ter en conta, que todos os anos hai que contratar 2 camareiros/as en acumulación de tarefas, tanto para apoiar a cantidade de traballos a realizar como para que o persoal poida desfrutar das súas vacacións, tendo informes de fiscalización que nos indican que debemos abordar unha reestruturación que solucione o problema estrutural existente na actualidade no cadro de persoal do Pazo de Mariñán.

Con tal motivo, fanse a seguintes propostas:

- 1. Transformar as prazas de Gobernanta e Subgobernanta**, no momento da xubilación das persoas que ocupan actualmente estes postos, en postos de camareiro/a base.
- 2. Transformar 1 praza de camareira en cada quenda, en coordinador/a de camareiros/as.** Deste xeito, existirán interlocutores directos en ambas quendas para as súas funcións principais coa Xefatura de Protocolo, que ten a responsabilidade da dirección do espazo.
- 3. Engadir 1 praza de camareiro/a en cada quenda**, coa finalidade adaptarnos á realidade das necesidades existentes no Pazo de Mariñán.
- 4. Transformar unha praza de cociñeira en coordinadora de cociña.** Coa finalidade de non cargar a responsabilidade da coordinación co xefe/a de cociña, así como a organización do traballo correspondente á quenda correspondente nun posto base. **Esquema de persoal actual:**

QUENDA 1	QUENDA 2
➤ 1 Gobernanta	➤ 1 Subgobernanta
➤ 2 camareiras	➤ 2 camareiras
➤ 2 cociñeiras	➤ 1 xefe/a de cociña ➤ 1 cociñeira



**Deputación
DA CORUÑA**

Relacións Públicas e Protocolo

Proposta de reestruturación:

QUENDA 1	QUENDA 2
➤ 1 Gobernanta – Transformar, no momento da xubilación das persoas que ocupan actualmente estes postos, en postos de camareiro/a base.	➤ 1 Subgobernanta – Transformar, no momento da xubilación das persoas que ocupan actualmente estes postos, en postos de camareiro/a base.
➤ 1 camareira transformar a coordinadora de camareiros/as ➤ 1 camareira manter ➤ 1 camareiro/a engadir	➤ 1 camareira transformar a coordinadora de camareiros/as ➤ 1 camareira manter ➤ 1 camareiro/a engadir
➤ 1 cociñeira transformar a coordinadora de cociña ➤ 1 cociñeira	➤ 1 xefe/a de cociña ➤ 1 cociñeira